Nikolai Vasílievich Gógol

Contos de San Petersburgo

A avenida Nevski

Non hai nada mellor ca a avenida Nevski, polo menos en San Petersburgo; éo todo para a cidade. Que esplendor o desta rúa, gloria da nosa capital! Sei que ningún dos seus pálidos habitantes, ningún dos seus funcionarios públicos trocaría a avenida Nevski por nada do mundo. Non só o mozo de vinte e cinco anos, excelente mostacho e levita marabillosamente confeccionada, senón tamén aqueloutro con canas no queixo e cabeza brunida coma unha fonte de prata está entusiasmado coa avenida Nevski. E as damas! Ah, a avenida Nevski agrádalles aínda máis ás damas. Pero, a quen non lle agrada? Apenas pisas a avenida Nevski xa percibes o cheiro a festa. Aínda que teñas algunha tarefa necesaria que facer, ineludible, probablemente esquezas calquera asunto tan pronto poñas o pé na rúa. Este é o único sitio ao que a xente non acode por necesidade, porque a chamase algún negocio ou o interese comercial que reina en todo San Petersburgo. Parece que unha persoa á que se atopa na avenida Nevski é menos egoísta ca nas rúas Morskaia, Gorókhovaia, Litéinaia, Meschanksaia e outras, onde a cobiza, o interese persoal e a necesidade se manifestan no aspecto e nos rostros dos que van a pé e voan en carruaxes e coches de punto.

A avenida Nevski é o centro da comunicación de todo San Petersburgo. Aquí o habitante da zona Peterbúrgskaia ou Výborgskaia[1], que leva varios anos sen visitar o amigo

1 Distritos históricos de San Petersburgo.

que vive en Peskí ou preto de Moskóvksaia Zastava[2], pode estar seguro de que se cruzará con el. Ningunha guía oficial nin prontuario pode ofrecer unha información tan fiable coma a avenida Nevski. Todopoderosa avenida Nevski! A única diversión de San Petersburgo, lugar pobre en festas e pasatempos! Que ben varridas e limpas están as súas beirarrúas, e, Deus!, cantos pés deixaron nela as súas pegadas! A bota torpe e sucia dun soldado retirado, baixo cuxo peso o mesmo granito parece que vai fender; o zapatiño diminuto e leve coma o fume dunha xove dama que volve a cabeciña cara aos brillantes escaparates da tenda, coma o catasol buscando o sol; o tinguileante sabre dun esperanzado alférez, que vai trazando unha rabuñadura ben marcada ao longo da avenida… todo deixa nela o poder da súa forza ou o da súa fraqueza. Que rápida fantasmagoría se desenvolve nela no decurso dun só día! Cantos cambios soportará en vinte e catro horas!

Comecemos coas primeiras horas da mañá, cando todo San Petersburgo cheira a pan quente, acabado de cocer, e está cheo de anciás envoltas en capas e roupas esfarrapadas que asaltan as igrexas e os transeúntes compasivos. Daquela a avenida Nevski está baleira: os repoludos tendeiros e os seus *commis*[3] aínda dormen cos seus camisóns de holanda, ou enxaboan as súas nobres meixelas e toman café; os mendigos concéntranse nas portas das confeitarías, onde un somnolento Ganimedes[4] que onte voaba coma unha mosca, servindo chocolate, se asoma agora,

---

2 Peskí é un barrio histórico de San Petersburgo. Moskóvskaia Zastava antes servía de entrada á cidade.

3 'Dependentes', en francés.

4 Denominación xocosa para un servente, xa que Ganimedes era o copeiro dos deuses no Olimpo.

sen gravata, agarrando unha vasoira, e lles bota empanadas duras e reboutallos. Os traballadores arrástranse polas rúas: ás veces crúzanas os labregos rusos que apuran para chegar ao traballo, calzados con botas tan sucias de cal que nin sequera as augas do canal Iekateríninski, famoso pola súa limpeza[5], poderían lavar.

A esta hora non é decente que saian as damas, xa que ao pobo ruso lle encanta expresarse con palabras tan groseiras que talvez elas non oian nin no teatro. Ás veces un funcionario somnolento pasará arrastrándose cunha carteira baixo o brazo, se o camiño ao seu traballo cruza a avenida Nevski. Pódese dicir decisivamente que nestas horas, é dicir, ata o mediodía, a avenida Nevski non é un fin para ninguén, senón soamente un medio: vaise enchendo pouco e pouco de persoas cos seus propios asuntos, preocupacións e desgustos, mais que non pensan na avenida en absoluto. O labrego ruso fala de *grivnas*[6], do pouco que gaña, os anciáns e anciás axitan as mans ou falan sós, ás veces facendo acenos bastante sorprendentes, pero ninguén os escoita nin fai mofa deles, bardante os raparigos vestidos con batas de pano basto que corren coma lóstregos pola avenida Nevski con botellas baleiras ou botas remendadas nas mans. A esta hora tanto ten o que leve vostede posto, aínda que teña na cabeza unha pucha no canto dun chapeu, aínda que o colo lle sobresaia demasiado da gravata, ninguén o advertirá.

Ás doce, a avenida Nevski é invadida por institutrices de todas as nacionalidades, xunto cos seus pupilos con colos de batista. As Jones inglesas e as Coques francesas ca-

---

5 O comentario é irónico, xa que ese canal se usaba como vertedoiro.

6 Era unha antiga moeda rusa equivalente a dez kópecks ou un décimo de rublo, aínda que nesta época xa non existía como moeda física e só se empregaba como unidade de cómputo popular.

miñan de ganchete cos alumnos que lles confiaron os pais e explícanlles coa seriedade adecuada que os letreiros das tendas se fan para saber o que hai dentro delas. As institutrices, *misses* pálidas e eslavas de meixelas rosadas, camiñan orgullosas tras as súas esveltas e revoltosas pupilas, mandándolles que levanten un pouco máis os ombreiros e que anden dereitas. En resumo, a esta hora a avenida Nevski é unha avenida Nevski pedagóxica.

Emporiso, cando se aproximan as dúas da tarde o número de institutrices, pedagogos e nenos que hai na rúa vai diminuíndo: finalmente vense desprazados polos amorosos pais, que van do brazo das súas nerviosas compañeiras de vida, engalanadas con luxosos vestidos de cores. Pouco a pouco van uníndose á súa compañía todos os que acabaron as súas importantes tarefas domésticas, como falar co médico sobre o tempo e sobre un granciño que lles saíu no nariz; interesarse pola saúde dos seus cabalos e dos seus fillos, os cales, cómpre dicir, amosan grandes capacidades; ler nos xornais a carteleira e un importante artigo sobre os que chegaban e os que se ían[7]; ou, por último, tomar un café ou un té.

Únenselles aqueles aos que un destino envexable lles deu o bendito título de funcionarios con misións especiais. E a estes únenselles aqueles que traballan no Ministerio de Asuntos Exteriores, que se distinguen pola nobreza das súas ocupacións e hábitos. Deus, que excelentes cargos e servizos hai! Como elevan e deleitan a alma! Pero, ai!, pobre de min, que non traballo para a Administración e estou privado do pracer de presenciar o delicado trato dos meus superiores. Todo o que se atope na avenida Nevski é

---

7 Era habitual que se anunciase na prensa a chegada e a marcha de San Petersburgo de homes de Estado, ministros e outros funcionarios de alto rango.

o ideal da decencia: os homes de longas levitas coas mans agochadas nos petos; as damas con capotes e chapeus de satén rosados, brancos e azulados.

Aquí atopará vostede unhas patillas únicas, pasadas por debaixo da gravata cunha arte extraordinaria e admirable; patillas de veludo, de satén, negras coma a marta ou coma o carbón, mais que, lamentablemente, pertencen en exclusiva aos membros do Ministerio de Asuntos Exteriores. A providencia negoulles as patillas negras aos empregados doutros departamentos, que deben, para desgraza súa, levalas roxas. Aquí atopará uns bigotes marabillosos, indescritibles e imposibles de representar con pluma nin pincel; bigotes aos que se lles dedicaba a mellor parte da vida, obxecto de longas vixilias durante o día e a noite, bigotes nos que se verteron os perfumes e recendos máis deliciosos, e que se untaron coas pomadas máis preciosas e raras; bigotes que pola noite se envolven en finísimo papel vitela; bigotes que merecen o afecto máis conmovedor dos seus propietarios e a envexa dos transeúntes. Milleiros de variedades de chapeus, vestidos e panos –coloridos, lixeiros, aos que ás veces as súas propietarias permanecen apegadas durante o inaudito período de dous días enteiros– cegarán a quen estea na avenida Nevski. Parece coma se todo un mar de bolboretas botase a voar de súpeto dende os talos e se axitase nunha nube brillante sobre os negros escaravellos machos.

Aquí atopará vostede cinturas tales que non podería nin soñalas: cinturiñas finas e estreitas, non máis grosas ca o colo dunha botella, e ao atopalas apartarase respectuosamente para non darlles un empurrón descoidado cun cóbado descortés; o seu corazón verase atafegado pola timidez e polo medo, pois non quererá que o seu desconsiderado alento rompa a obra máis fermosa da natureza e

da arte. E que mangas de señora verá vostede na avenida Nevski! Ah, que marabilla! Seméllanse un pouco a dous globos aerostáticos, e parece que a dama podería alzarse no ar de non ser polo cabaleiro que a sostén; porque alzar unha dama no ar é tan doado e agradable coma levar unha copa de champaña aos beizos.

En ningún lugar se saúda con reverencias tan nobres e desenvoltas coma na avenida Nevski. Aquí atopará un sorriso único, un sorriso que é o cumio da arte, que unhas veces fai que un se derreta de pracer ao velo, outras consegue que de repente un se vexa máis baixo ca a mesma herba e baixe a cabeza humildemente, e que outras veces se sinta máis alto ca a agulla do Almirantado[8] e ande coa cabeza erguida. Aquí un atopará xente que fala dun concerto ou do tempo con extraordinaria nobreza e un gran sentido de autoestima. Aquí coñecerá mil personaxes e fenómenos inexplicables. Señor!, que personaxes tan estraños se atopan na avenida Nevski! Hai alí unha multitude de persoas que ao se cruzaren con vostede seguramente lle mirarán as botas e, ao pasar vostede ao seu lado, volveranse para observar os faldróns do seu abrigo. Aínda non dei comprendido por que sucede isto. Primeiro coidaba que eran zapateiros, mais non era así en absoluto: na súa maioría traballan en diferentes departamentos, moitos deles son quen de redactar excelentemente unha carta dun órgano gobernamental a outro; ou son persoas que pasean e len periódicos nas confeitarías; é dicir, que na súa maioría son xente honrada.

A esta hora bendita, dende as dúas ata as tres da tarde, hora que se pode chamar a capital en movemento da ave-

---

8 O complexo de edificios do Almirantado está situado na orela do río Nevá. A agulla mencionada alcanza os 72 m de altura.

nida Nevski, ten lugar a principal exhibición das mellores obras da humanidade. Un exhibe unha elegante levita coa mellor pel de castor; outro, un belo nariz grego; o terceiro ten unhas patillas magníficas; a cuarta, uns ollos fermosos e un chapeu incrible; o quinto, unha sortella con talismán no elegante maimiño; a sexta, o pé calzado nunha encantadora botiniña; o sétimo, unha gravata que provoca asombro; o oitavo, un bigote que apampa.

Pero dan as tres e remata a exhibición, a multitude disólvese… Ás tres ten lugar un novo cambio. De súpeto, chega a primavera á avenida Nevski, que se enche de funcionarios con uniformes verdes. Os famentos conselleiros titulares, áulicos[9] e doutros tipos apertan o paso con todas as súas forzas. Os xoves rexistradores colexiados, secretarios provinciais e secretarios colexiados tratan aínda de aproveitar o tempo e pasean pola avenida Nevski cunha postura que demostra que de ningún xeito pasaron seis horas sentados no despacho. Pero os secretarios colexiados e os conselleiros titulares e áulicos máis vellos van apurados, coa cabeza gacha: non teñen tempo para mirar os transeúntes, aínda non se desprenderon por completo das súas preocupacións, teñen na mente batoalladas de ideas e todo un arquivo de asuntos comezados e inacabados; durante moito tempo en vez de letreiros ven ficheiros cheos de papeis ou o groso rostro do xefe da súa oficina.

A partir das catro a avenida Nevski fica deserta e é improbable que atope nela nin sequera un funcionario. Pode que vexa algunha costureira saír dunha tenda e cruzar co-

---

9 Son títulos de funcionarios do Imperio ruso incorporados por Pedro I e publicados na Táboa de Rangos, documento oficial que tiña unha lista de correspondencias de graos militares e rangos de funcionarios públicos e da corte. Por exemplo, o secretario colexiado tiña rango inferior ao conselleiro titular e correspondíase co grao de capitán axudante no exército.

rrendo a avenida cunha caixa nas mans; a infeliz vítima dun caritativo funcionario xudicial, botada ao mundo cun capote de baeta; algún excéntrico forasteiro para quen todas as horas son iguais; algunha inglesa alta e longarita cun bolso e un libriño nas mans; algún cooperativista, un ruso con levita de algodón basto e mesto, cinxida por detrás, e barba fina, que toda a vida vai tirando, a quen se lle move todo –as costas, os brazos, a cabeza– mentres avanza cortesmente pola beirarrúa; ás veces un humilde artesán: non atopará a ninguén máis na avenida Nevski.

Pero en canto o luscofusco cae sobre as casas e as rúas, e o faroleiro, cuberto de pano basto, agatuña pola súa escada para acender os farois, e polos baixos escaparates das tendas asoman aquelas estampas que non se atreven a aparecer durante o día, daquela a avenida Nevski revive e empeza a buligar. Entón chega esa hora misteriosa, na que as lámpadas lle confiren a todo unha luz atraente, marabillosa. Verá moitísimos mozos, na súa maioría solteiros, vestidos con levitas e capotes quentes. A esta hora séntese algún tipo de obxectivo, ou, mellor dito, algo parecido a un obxectivo, algo extremadamente vago; os pasos da xente aceléranse e fanse en xeral moi irregulares. Longas sombras tremelocen polas paredes e pola calzada, e case alcanzan coas cabezas a ponte Politseiski. Os xoves rexistradores colexiados, secretarios provinciais e secretarios colexiados deambulan longamente pola rúa; pero os rexistradores colexiados e os conselleiros titulares e áulicos máis vellos quedan na súa maioría na casa, ben porque están casados, ben porque as cociñeiras alemás que viven con eles lles preparan moi ben a comida. Aquí atopará vostede os venerables anciáns que paseaban ás dúas pola avenida Nevski con tanta grandeza e tan asombroso señorío. Agora veraos correr igual ca os xoves rexistradores colexiados para mirar baixo o sombreiro dunha dama albiscada ao lonxe, cuxos

grosos beizos e meixelas enzoufadas agradan tanto a moitos paseantes, e sobre todo aos dependentes, cooperativistas e comerciantes que, vestidos con levitas alemás, circulan sempre en tropel e polo xeral collidos do brazo.

–Agarda! –berrou nese momento o tenente Pirogov, turrando do mozo de frac e gabán que camiñaba ao seu lado–. Viches?

–Vin. Marabillosa: o vivo retrato da Bianca de Perugino[10].

–De quen falas?

–Desa, a de cabelo moreno. E que ollos! Deus, que ollos! O porte, a silueta, o contorno da faciana: é todo un milagre!

–Eu fáloche da loura que pasou tras ela cara alá. Se che gustou tanto a morena, por que non vas tras dela?

–Ah, acaso se pode? –exclamou, ruborizándose, o mozo de frac–. Coma se fose unha desas que pasean pola avenida Nevski á noitiña. Será unha señora moi nobre –continuou, suspirando–. Xa só a capa que leva debe de custar oitenta rublos!

–Que burrán! –exclamou Pirogov, empurrándoo con forza na dirección onde ondeaba a capa vermella da muller–. Vai tras dela, parvo, ou perderás a oportunidade!, e eu seguirei a loura.

Os dous amigos separáronse.

«Que ben vos coñecemos», pensou Pirogov cun sorriso farruco e presuntuoso, seguro de que non existía unha beleza que se lle puidese resistir.

O mozo de frac e gabán encamiñou os seus pasos tímidos e trementes na dirección onde ondeaba ao lonxe

---

10 Refírese á Virxe que fixo Pietro Perugino no fresco *A adoración dos Magos*, pintado en 1504 para a capela de Santa Maria dei Bianchi, en Città della Pieve.

a rechamante capa, que ora brillaba alegre, conforme se aproximaba á luz do farol, ora se cubría de negrume nun instante ao afastarse dela. O corazón palpitáballe con forza, e apertou o paso involuntariamente. Non se atrevía nin a pensar en recibir a atención da beleza que desaparecía na distancia, e moito menos a permitirse unha idea tan escura como a que lle insinuara o tenente Pirogov. Só quería ver a casa onde vivía aquela fermosa criatura que semellara descendida directamente do ceo á avenida Nevski e que probablemente marcharía voando non se sabe a onde. El tamén parecía ter ás nos pés, de tan rápido que corría, e topábase decontino con respectables cabaleiros de patillas canas, que empurraba e sacaba da beirarrúa.

Este mozo pertencía a unha clase de persoas extraordinaria na nosa sociedade e que pertence a San Petersburgo do mesmo xeito que pertence ao mundo real alguén que vemos en soños. Esta clase excepcional resulta insólita nunha cidade onde todo o mundo é funcionario, comerciante ou artesán alemán. El era pintor. Que estraño fenómeno, non si? Un pintor de San Petersburgo! Un pintor no país das neves, un pintor no país dos finlandeses, onde todo é húmido, liso, plano, pálido, gris, bretemoso.

Estes pintores non se parecen en nada aos pintores italianos, orgullosos, ardentes coma Italia e o seu ceo; todo o contrario, son na súa maioría persoas bondadosas, afables, tímidas, despreocupadas, que aman a súa arte con acougo, toman té con dous amigos nun cuarto pequeno, falan modestamente da súa afección e desatenden totalmente o demais. Sempre convidan algunha anciá pobre e fana ficar sentada seis longas horas para representar no lenzo a súa expresión lamentable e indiferente. Pintan a perspectiva do seu cuarto, onde aparece todo tipo de bagatelas artísticas: brazos e pernas de xeso aos que o tempo

e o po lles conferiron a cor do café, cabaletes rotos, paletas envorcadas, un amigo tocando a guitarra, paredes lixadas de pintura, unha xanela aberta dende a que se pode divisar o escintileo pálido do río Nevá e as camisas vermellas dos pescadores pobres.

Toda a obra destes pintores ten case sempre un colorido agrisado e lamacento: a pegada imborrable do norte. E, con todo, empréganse con auténtico deleite no seu traballo. Adoitan abrigar un talento verdadeiro, e se tan só soprase sobre eles o ar fresco de Italia, este talento sen dúbida florecería igual de ceibe, pleno e brillante coma unha planta que por fin sacan do cuarto e poñen ao ar libre. Polo xeral son moi tímidos: unha estrela[11] e unha grosa xarreteira apámpanos tanto que rebaixan involuntariamente o prezo das súas obras. Ás veces gústalles presumir, pero esta ostentación non lles senta ben e semella un remendo en roupa vella. Ás veces pode velos cun espléndido frac e cun gabán enzoufado, cun caro chaleco de veludo e coa levita toda lixada de pintura. Do mesmo xeito poderá ver nunha das súas paisaxes inacabadas unha ninfa pintada boca abaixo, que o artista, por non atoparlle un sitio axeitado, esbozou no lenzo dunha obra anterior, que noutrora pintara con deleite. Xamais miran directamente aos ollos, e, se o fan, é de forma vaga, imprecisa; non o olla fite a fite coma un observador, nin ten a ollada penetrante, coma de falcón, dun oficial de cabalaría. Isto ocorre porque ve asemade os trazos do interlocutor e os dalgún Hércules de xeso que ten no seu cuarto, ou porque está a imaxinar o seu próximo cadro. Por iso contesta a miúdo de forma incongruente e ás veces salta con algo intempestivo, e as cousas que se lle mesturan na cabeza aumentan aínda máis a súa timidez.

---

11 Estrela das ombreiras dun militar, como insignia do seu rango.

A esta especie pertencía o mozo que acabamos de describir, o pintor Piskariov, temesiño, apoucado, pero que levaba na alma faíscas de sentimento dispostas a se converter nunha chama no momento oportuno. Cun tremor secreto apuraba tras o obxecto do seu interese que o traspasara tanto, e parecía que el mesmo estaba abraiado pola súa propia ousadía.

A criatura descoñecida que tanto atraera os seus ollos, pensamentos e sentimentos, virou de súpeto a cabeza e mirouno. Deus!, que trazos máis divinos! A encantadora fronte, dunha brancura cegadora, estaba sombreada polo cabelo tan fermoso coma a ágata. Estes crechos marabillosos rizábanse, e unha parte deles, que caian de debaixo do chapeu, bicaban a meixela tocada por un rubor fino e fresco que causaba o frío vespertino. Os beizos estaban selados por un enxame dos soños máis deliciosos. Todo o que queda das lembranzas de infancia, o que proporcionan os soños e a inspiración tranquila á luz do candil aceso, parecía que todo isto se reunise, fusionase e reflectise nos seus harmoniosos beizos.

Ela mirou a Piskariov, e ante esta mirada el sentiu o choutar do seu corazón; ela mirouno severamente, e a indignación apareceu no seu rostro ao constatar unha persecución tan descarada; mais nese fermoso rostro ata a ira era encantadora. Atafegado pola vergoña e a timidez detívose e baixou a mirada; mais, como podía perder de vista esta divindade sen saber que santuario escollera como morada ao descender do ceo?

Estes eran os pensamentos que acudiron á mente do mozo soñador, e decidiu continuar seguíndoa. Porén, para que non se notase, afastouse unha gran distancia, mirando a un lado e a outro con despreocupación, observando os letreiros, e, mentres tanto, non perdía de vista nin un só paso da descoñecida.